



CONCELLO DE  
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1PB	<i>Expediente</i> CON/61/2014	<i>Fecha</i> 11-09-15 13:00

Seño o Certificación Mecánica

Número 14 .- Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra

Destinatario

15078DCMGZI1PBc



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de setembro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 14 .- ADQUISICIÓN DE CATRO VEHÍCULOS MONOVOLUME E UN TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING CON OPCIÓN DE COMPRA**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe da xefe do servizo de Contratación e Servizos Comunitarios, de data 2 de setembro de 2015 e da proposta do concelleiro delegado de Convivencia, de data 13 de agosto de 2015. Así mesmo do informe favorable de data 7 de setembro de 2015, nº 613/2015 da técnico de Intervención que conta co conforme da Interventora municipal.

O informe da xefe do servizo de Contratación e Servizos Comunitarios é do seguinte teor literal:

"Asunto: Expte. CON/61/2014.

En relación coa proposta da mesa de contratación da xuntanza celebrada o pasado 26 de maio de 2015, na que se acorda deixar deserta a licitación do expediente de referencia, no que respecta aos efectos para o licitador que depositou a garantía definitiva e as taxas pola formalización do contrato INFÓRMASE:

O artigo 151 do TRLCSP ao regular os aspectos relativos á adxudicación do contrato establece o órgano de contratación non

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1PB	<i>Expediente</i> CON/61/2014	<i>Fecha</i> 11-09-15 13:00

poderá deixar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible consonte aos criterios do prego. No suposto da licitación que analizamos, a proposta da mesa de contratación motivase nun incumprimento dos termos dos pregos de cláusulas por parte das empresas licitadoras e, en concreto, pola que conta coa proposición máis ventaxosa polo que resulta motivación suficiente para deixar deserta a mesma.

Tendo en conta que esta empresa AUTOS IGLESIAS SL foi requerida para depositar fianza e taxas pola formalización do contrato, o feito de non ser adxudicataria implica a necesidade de que o Concello lle reintegre estes importes, a fin de evitar un enriquecemento inxusto. En outro orde de cousas, non procede indemnización algunha a favor da mencionada empresa toda vez que a proposta da mesa de contratación non xenera ningún dereito a favor do licitador."

A proposta do concelleiro delegado de Convivencia é do seguinte teor literal:

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia, á vista da situación actual da licitación "Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra", de conformidade cos termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 13 de abril de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é, para os dous lotes definidos como obxecto da licitación, a do licitador AUTOS IGLESIAS SL, proposta ratificada, tras a aportación da necesaria documentación, en nova reunión de 27 de abril.

Segundo: Con data 4 de maio convócase de novo a mesa, transcribíndose na correspondente acta os temas tratados do seguinte xeito:

"Convócase esta reunión da mesa para poñer de manifesto ós membros da mesma unha cuestión que se suscitou no momento da redacción do

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ11PB	<i>Expediente</i> CON/61/2014	<i>Fecha</i> 11-09-15 13:00

informe proposta á xunta de goberno de adxudicación desta licitación.

Este informe proposta debe incluír o custe total do contrato, reanualizando as cantidades a comprometer nos correspondentes exercicios orzamentarios en función das condicións económicas definitivas incluídas na oferta do licitador proposto como adxudicatario.

Pois ben, no momento de realizar este cálculo, surxe unha dúbida na interpretación destas condicións económicas ofertadas, xa que as propostas da integridade das empresas inclúen 48 cuotas iguais e unha referencia cuantificada a opción de compra dos vehículos. Sendo que o prego deixaba clara que a última cuota debe ser a da opción de compra a precio de adquisición, de aceptarse que ten carácter independente e engadirse a maiores á cantidade ofertada como importe máximo por unidade, superaría o tipo de licitación previsto.

Entendendo os membros da mesa que efectivamente esta cuestión interpretativa de aspectos concretos do prego, que parece puido levar a unha confusión ós licitadores en relación ós usos mercantiles do sector, afecta de xeito decisivo ó resultado desta licitación, acordan solicitar as empresas licitadoras que aclaren as condicións económicas definitivas das súas ofertas, sinalando expresamente si a cantidade a abonar como opción de compra atópase integrada no importe máximo por unidade recollido nas súas ofertas, ou ten carácter independente, e se trataría polo tanto dunha cantidade a abonar a maiores sobre este importe máximo no caso de querer facer efectiva a opción de compra no momento da finalización do contrato".

Terceiro: O 26 de maio, celébrase a reunión definitiva da mesa, na que, de acordo coa acta:

"Logo de solicitar ás empresas licitadoras aclaración sobre as súas condicións económicas definitivas, para o que debían sinalar expresamente si a cantidade a abonar como opción de compra atópase integrada no importe máximo por unidade recollido nas súas ofertas, ou ten carácter independente, e se trataría polo tanto dunha cantidade a abonar a maiores sobre este importe máximo no caso de querer facer efectiva a opción de compra no momento da finalización do contrato, recíbense aclaracións das empresas Autos Iglesias e Andacar, non respostando Noyamóvil SL.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1PB	<i>Expediente</i> CON/61/2014	<i>Fecha</i> 11-09-15 13:00

Pois ben, analizada a documentación presentada, resulta que as dúas empresas afirman claramente que a cantidade a abonar como opción de compra é unha cantidade a maiores sobre o importe máximo por unidade ofertado.

Polo tanto, entende a mesa, como xa se sinalou na anterior reunión, que esta circunstancia supón un insubsanable incumprimento do prego de aplicación, que deixaba claro que unicamente poderían incluírse corenta e oito cuotas, sendo a última delas a da opción de compra a precio de adquisición, o que deriva en que todas as ofertas presentadas superan a cantidade máxima prevista como tipo de licitación.

En consecuencia, a mesa de contratación acorda deixar deserta esta licitación, deixando tamén sen efecto a anterior proposta desta mesa de 13 de abril pasado".

En consecuencia e conforme ao acordado na antedita reunión da mesa de contratación de 26 de maio, procede realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO**

Deixar deserta a licitación do subministro de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra, xa que todas as ofertas presentadas superan a cantidade máxima prevista como tipo de licitación, ó ser, en cada unha delas, a cantidade a abonar como opción de compra, unha cantidade a maiores sobre o importe máximo por unidade ofertado.

Devolver a garantía definitiva e as cantidades abonadas en concepto de taxas pola formalización do contrato e gastos de publicación de anuncios da empresa inicialmente proposta como adxudicataria para os dous lotes Autos Iglesias SL, non procedendo o abono de ningún outro gasto nin dano reclamado por non crear esta proposta de adxudicación ningún dereito ó seu favor.

Así mesmo, procede anular as retencións de crédito efectuadas con motivo do inicio desta licitación."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1PB	<i>Expediente</i> CON/61/2014	<i>Fecha</i> 11-09-15 13:00

Deixar deserta a licitación do subministro de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra, xa que todas as ofertas presentadas superan a cantidade máxima prevista como tipo de licitación, ao ser, en cada unha delas, a cantidade a abonar como opción de compra, unha cantidade a maiores sobre o importe máximo por unidade ofertado.

Devolver a garantía definitiva e as cantidades abonadas en concepto de taxas pola formalización do contrato e gastos de publicación de anuncios á empresa inicialmente proposta como adxudicataria para os dous lotes, Autos Iglesias SL, non procedendo o abono de ningún outro gasto nin dano reclamado por non crear esta proposta de adxudicación ningún dereito ao seu favor.

Así mesmo, anular as retencións de crédito efectuadas con motivo do inicio desta licitación.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~

CONCELLO DE SANTIAGO